

Dos elementos subliñados, sinala se son unha perífrase ou un complexo verbal. De seren perífrases, indica de que tipo son.

Nalgún momento todos temos que facer algo que nos ha de alimentar.

Despois de tres intentos, acabou por sacar o carné.

Moito levo estudado para este exame e aínda vou seguir ata a noite.

Aínda tes que contarnos o que quixeches facer onte.

Diego non puido seguir o camiño de noite, levaba rotos os faros do coche.

Quería convidarte a vir comigo ao cine.

Teño visto moitas veces esa presentación.

As actrices chegaron a ser como da miña familia.

Se consegues abrir a lata, lévalla que debe saber como preparalo.

Oínvos cantar mentres estaba a varrer a cociña.

Utiliza nas seguintes oracións o IApto ou o SPto segundo conveña.

Se _____ de viaxe, non esperaría tanto para mercar os billetes.

Quen _____ libre daquela!

Ao chegaren á casa xa _____ a luz.

Aínda que Xana _____ non creo que o _____.

Xoán _____ no cárcere en diversas ocasións.

Cando xa _____ o tren lembrou enviarlle o paquete.

As organizadoras _____ nos que _____ un discurso para o vindeiro acto.

Todos _____ sen se despedir.

Para que Daniel _____ o problema, deberían explicarllo mellor.

Introduce nas seguintes oracións a forma correspondente do presente de subxuntivo respectando a persoa gramatical.

Para que _____ (CABER) todo nesta caixa, é mellor que vós o _____ (POÑER) ordenado.

É mellor que ti _____ (SABER) o que che espera e _____ (TER) todo preparado.

Para que Marta _____ (FACER) algo debes pedirlló ti.

Quizais vós _____ (SENTIR) agora a súa perda.

_____ (PODER) que non nos _____ (SAÍR) ben.

Xa sei que aínda que _____ (HABER) moito traballo, iredes ao cinema.

Ogallá ti _____ (SEGUIR) pola cidade!

Oxalá nos _____ (VALER) esta invitación para entrarmos na festa!

Introduce nas seguintes oracións a forma correspondente do presente de indicativo respectando a persoa gramatical.

_____ (BULIR) tanto que non os demos pillado.

A nena _____ (CUBRIR) o can cunha manta.

Todos che _____ (CUSPIR) e logo _____ (MENTIR).

Vós _____ (CRER) as rexoubas e despois pasa o que pasa.

_____ (SENTIR) moito a vosa ausencia.

Sempre que _____ (VIR) Maruxa _____ (XURDIR) os problemas.

Ti _____ (SEGUIR) o camiño da dereita e eu _____ (SEGUIR) o da esquerda.

Nicolás sempre _____ (DURMIR) toda a noite e logo _____ nos (DICIR) que non pega ollo.

Eu non _____ (MOER) o café, pois _____ (SAÍR) moi cedo e non me _____ (DAR) tempo.

Se _____ (ACUDIR) á cita _____ (SER) porque queres.

Introduce nas seguintes oracións a forma correspondente do pretérito de indicativo respectando a persoa gramatical.

_____ (QUERER) comer uns doces despois do xantar.

_____ (HABER) moita xente que _____ (PODER) rematar axiña.

Por fin _____ (POÑER) as luces na rúa.

Sempre _____ (TER) o que me _____ (PEDIR).

Ela _____ (SAÍR) e _____ lles (DAR) as grazas a todos os asistentes.

_____ (ESTAR) doentes por non coidarvos.

Por moito que _____ (DICIR) Vitor, aquí non _____ (CABER) máis nada.

Non che _____ (VALER) de nada porque eles non o _____ (TRAER).

_____ (PRACER) convidalos á festa.